

CONTIDOS

Actualidade	1
Oportunidades	4
<i>Prácticas remuneradas</i>	4
<i>Emprego</i>	5
<i>Financiamento</i>	7
Participación dos cidadáns	9
<i>Iniciativas lexislativas</i>	9
<i>Consultas públicas aos cidadáns</i>	9
Actos xurídicos	10
<i>Actos lexislativos</i>	10
<i>Propostas lexislativas</i>	10
<i>Outros actos</i>	10
Sentenzas do Tribunal de Xustiza da UE	11
Estatísticas do Eurostat	12
<i>Indicadores económicos</i>	12
<i>Outros datos</i>	12
Documentos do Tribunal de Contas da UE	14
Sondaxes do Eurobarómetro	15
Suxestións bibliográficas	16
<i>Obras dispoñibles na biblioteca da USC</i>	16
<i>Outras obras</i>	17

Para recibir un correo electrónico co anuncio de cada novo Boletín do CEDE, subscríbese á [lista de distribución](#).

Para máis información sobre este boletín e sobre o CEDE da USC, visite a nosa [páxina web](#).

Edición: Jesús M. Saavedra Carballido.

Elaboración dos contidos propios: Jesús M. Saavedra Carballido e Álvaro Irimia López.

ACTUALIDADE

Acordo comercial co Mercosur

A Comisión Europea asinou un acordo comercial co Mercosur, que alén dos estados membros da UE, inclúe a Arxentina, o Brasil, Paraguai e Uruguai. O texto asinado cobre produtos agrícolas e industriais alén de recursos naturais e servizos. Segundo o acordo, negociado durante máis de 25 anos, os produtos do Mercosur importados para a UE deberán cumprir as mesmas normas sanitarias, ambientais e de seguranza que os produtos da UE, e moitos deles — como a carne bovina e de polo — estarán sometidos a cotas. Para a súa entrada en vigor definitiva, o acordo debe ser ratificado por cada un dos estados membros (algúns dos cales — Francia, Polonia, Austria, Irlanda e Hungría — se opuxeran á sinatura). Entre tanto, podería ser aplicado de maneira provisoria, o que debe ser aprobado polo Parlamento da UE (que reaccionou á sinatura pedindo ao Tribunal de Xustiza da UE un ditame xurídico sobre a legalidade do acordo) e polo Consello da UE.

Comunicado de prensa sobre a sinatura [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Preguntas e respostas sobre o acordo [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Comunicado de prensa [no sitio do Parlamento Europeo](#).

Máis información [no Politico](#) (en inglés), [no Le Monde](#) (en francés) e [na BBC](#).

Acordo comercial preliminar coa India

A Comisión Europea concluíu, despois de máis de vinte anos, as negociacións para un acordo comercial coa India. Se fose aprobado, sería o maior asinado por ambas as partes até agora, e abrangería tanto mercadorías industriais e agrícolas como servizos. O texto provisorio exclúe certos produtos como a carne bovina e de polo, o arroz e o azucre. Para os produtos incluídos (automóbiles, téxtiles, viño e aceite de oliva, entre outros), a India aceptou reducir as tarifas que aplica ás importacións da UE máis que a ningún outro parceiro comercial. Antes da súa entrada en vigor, o acordo debe ser asinado pola Comisión e a India, e ratificado por cada un dos estados membros da UE e polas institucións comunitarias.

Comunicado de prensa sobre a sinatura [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Preguntas e respostas sobre o acordo [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Máis información [no The Guardian](#) (en inglés), [no Le Monde](#) (en francés) e [no Euractiv](#).

Opinión [no Le Monde](#) (en francés).

Paralización do acordo comercial cos EUA

O Parlamento Europeo suspendeu a aprobación dun importante acordo comercial cos EUA, asinado en xullo, en protesta contra a tentativa do presidente Donald Trump de asumir o control de Groenlandia. As tensións comerciais entre ambas as partes diminuíran desde que chegaron a un acordo en xullo, en virtude do cal as tarifas estadounidenses sobre a maioría dos produtos a UE pasaban a 15 % (en vez de 30 %, como Trump anunciou inicialmente). En troco, a UE aceptou investir nos EUA e aplicar mudanzas en todo o bloque, que deberían impulsar as exportacións estadounidenses. O acordo necesita aínda da aprobación do Parlamento Europeo para se tornar oficial.

Máis información [na BBC](#).

Tarifas da China a produtos da UE

A China anunciou a imposición de tarifas provisionais entre 21,9 % e 42,7 % sobre as importacións de certos produtos lácteos da UE, após unha avaliación preliminar de que estes produtos reciben subsidios e causaron «danos substanciais» á industria láctea chinesa. O anuncio xorde no medio de tensións comerciais entre a China e a UE, despois de Pequín ter imposto recentemente tarifas de até 19,8 % sobre as importacións de certos produtos de carne de porco da UE, nunha medida considerada como reacción ás tarifas de Bruxelas sobre os vehículos eléctricos chineses.

Máis información [no *Le Monde*](#) (en francés) e [no *EurEFE*](#).

Prohibición do gas ruso

Os 27 estados membros da UE, reunidos no Consello, adoptaron o Regulamento relativo á eliminación gradual das importacións de gas natural por gasoduto e de gas natural licuado (GNL) de Rusia para a UE. As novas regras tamén inclúen medidas relativas á monitorización eficaz e á diversificación do fornecemento de enerxía. O regulamento representa un fito significativo para alcanzar o obxectivo do plano *REPowerEU* de pór fin á dependencia da UE en relación á enerxía rusa.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Máis información [no *EuroEFE*](#).

Irán

A UE incluíu a Garda Revolucionaria Islámica de Irán (IRGC) na súa lista de organizacións terroristas, en resposta á represión violenta das protestas das últimas semanas. A UE impuxo tamén novas sancións a seis entidades e 15 individuos de Irán, incluíndo o ministro do Interior, Esgandar Momeni, o fiscal xeral, Mohammad Movahedi Azad, e a xuíza Iman Afshari. A medida chega despois de anos de división sobre o asunto no seo da UE. As organizacións da lista de organizacións terroristas da UE están suxeitas a sancións, incluíndo prohibicións de viaxe e conxelamento de bens, co obxectivo de eliminar as súas redes de apoio.

Máis información [no *The Guardian*](#) e [no *Político*](#) (en inglés) e [no *EuroEFE*](#).

Axuda humanitaria

A Comisión anunciou que destinará 1.900 millóns de euros en axuda humanitaria en 2026 para auxiliar 239 millóns de persoas, fronte aos «cortes de financiamento dos principais doantes», con máis de metade do orzamento reservado para África e Medio Oriente. O fondo aprobado pola Comisión, que corresponde ao importe orzamentado para 2025, financiará a alimentación e o refuxio de emerxencia, os coidados médicos esenciais, a protección dos máis vulnerables e o apoio á educación preescolar en zonas de crise en todo o mundo.

Máis información [no *EuroEFE*](#).

Adopción do euro por Bulgaria

Bulgaria pasou a ser o 21.º membro da eurozona, adiantándose así a demandantes máis obvios como Polonia, a República Checa e Hungría. Trátase dun novo paso nun proceso que inseriu Bulgaria na corrente principal comunitaria — da adhesión á OTAN e á UE, á entrada no Espazo Schengen e, agora, ao euro.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Máis información [no sitio da *BBC*](#).

Moción de censura contra a Comisión

Nunha votación realizada no Parlamento Europeo, os eurodeputados rexeitaron unha moción de censura contra a Comisión Europea. A moción, presentada polo grupo Patriotas por Europa, recibiu 165 votos a favor, 390 contra e 10 abstencións. O grupo Patriotas por Europa solicitara a activación deste mecanismo contra a Comisión en resposta ao acordo UE-Mercosur, recentemente asinado. É a cuarta moción de censura presentada en sete meses. Nin a presidenta da Comisión, Ursula von Der Leyen, nin o xefe do grupo dos Patriotas, Jordan Bardella, estaban presentes no plenario durante a votación. De acordo co Regulamento Interno do Parlamento, un décimo dos membros da cámara — ou sexa, 72 eurodeputados — pode presentar unha moción de censura, a cal precisa de dous terzos da cámara (480 votos) para triunfar.

Comunicado de prensa [no sitio do Parlamento Europeo](#).

Máis información [no Politico](#) (en inglés), [no Le Monde](#) (en francés) e [no EuroEFE](#).

Relatorio sobre produtos químicos eternos

Un [novo relatorio](#) destaca a necesidade urxente de atallar a polución por «produtos químicos eternos» (PFAS) para evitar custos enormes para a sociedade. A polución por PFAS (sustancias per- e polifluoroalquiladas que permanecen no corpo humano e no ambiente durante décadas, mesmo após o fin das emisións) tórnase evidente cando os individuos sofren doenzas debido á exposición a elas, cando a auga ou o solo contaminados exixen unha solución custosa e cando os procesos naturais esenciais, como a polinización, sofren perturbacións. Os custos estimados para a saúde só consideran unha pequena parcela das PFAS actualmente regulamentadas, de entre as miles existentes, e, por conseguinte, fornecen unha estimativa limitada en comparación cos custos reais da polución por PFAS. O estudo estima que, se os actuais niveis de polución por PFAS na UE continuaren até 2050, ese custo atinxirá aproximadamente 440.000 millóns de euros durante ese período.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Máis información [no Politico](#) (en inglés).

OPORTUNIDADES

Selección das convocatorias recentes consideradas máis relevantes.

Prácticas remuneradas

- Para estudantes de ciencias, [a través de Euraxess](#) (buscando *traineeship* e *trainee*). Varios prazos.
- [Centro Común de Investigación](#) (Joint Research Centre, JRC). Varios prazos.
- [Banco Central Europeo \(BCE\)](#). Varios prazos.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa \(EEAS\)](#). Prazo até 31 de xaneiro.
- [Servizo Europeo de Policía \(EuroPol\)](#). Prazo até 4 de febreiro.

Emprego

Procesos de selección de persoal contratado (CAST) e temporal

- [Procesos de selección da EPSO para persoal contratado \(CAST\)](#). Sen prazo.
- [Procesos de selección da EPSO para persoal contratado e temporal na Comisión](#). Varios prazos.
- [Procesos de selección da EPSO para persoal contratado e temporal en diferentes institucións e organismos da UE](#). Varios prazos.
- [Procesos de selección da EPSO para persoal contratado e temporal en axencias da UE](#). Varios prazos.
- [Outros procesos de selección da EPSO](#). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores financiados polas accións Marie Skłodowska-Curie en diferentes campos científicos](#). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores no Centro Común de Investigación da Comisión \(*Joint Research Centre, JRC*\)](#). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores científicos ofrecidos por Euraxess](#). Varios prazos.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa \(EEAS\)](#). Varios prazos.
- [Empresa Común para os Chips](#). Varios prazos.
- [Banco Europeo de Investimento \(BEI\) e Fondo Europeo de Investimento](#). Varios prazos.
- [Axencia Europea de Medicamentos \(EMA\)](#). Prazo até 30 de xaneiro.
- [Fundación Europea para a Melloría das Condicións de Vida e de Traballo \(EUROFOUND\)](#). Prazo até 1 de febreiro.
- [Fiscalía da UE \(EPPO\)](#). Prazo até 1 de febreiro.
- [Empresa común para o ITER e o desenvolvemento da enerxía de fusión \(Fusion for Energy, F4E\)](#). Prazo até 3 de febreiro.
- [Centro de Satélites da UE \(SatCen\)](#). Prazo até 5 de febreiro.
- [Instituto de Estudos de Seguranza da UE \(EUISS\)](#). Prazo até 6 de febreiro.
- [Servizo Europeo de Policía \(EuroPol\)](#). Prazo até 8 de febreiro.
- [Axencia Europea para a Seguranza da Aviación \(EASA\)](#). Prazo até 8 de febreiro.
- [Axencia do GNSS Europeo \(GSA\)](#). Prazo até 12 de febreiro.
- [Asociación Europea para a Saúde \(IHI, antiga IMI\)](#). Prazo até 12 de febreiro.
- [Axencia da UE para o Programa Espacial \(EUSPA\)](#). Prazo até 12 de febreiro.
- [Axencia Europea de Defensa \(AED, EDA\)](#). Prazo até 19 de febreiro.

- [Autoridade Europea dos Valores Mobiliarios e dos Mercados \(ESMA\)](#). Prazo até 30 de novembro.
- [Axencia da UE para a Seguranza das Redes e da Información \(ENISA\)](#). Prazo até 31 de decembro.
- [Axencia Ambiental Europea \(EEA\)](#). Prazo até 10 de febreiro de 2027.
- [Autoridade Europea para a Seguranza dos Alimentos \(EFSA\)](#). Prazo até 30 de novembro de 2027.

Financiamento

Cidadáns

- Cooperación bilateral valores europeos. Prazo até 1 de febreiro.
- ONG nacionais valores europeos. Prazo até 17 de febreiro.
- IMPACT4VALUES. Prazo até 9 de marzo.
- Redes de cidades participación dos cidadáns. Prazo até 16 de abril.

Investigación e innovación

- INCiTIS-FOOD. Prazo até 9 de febreiro.
- ERDERA 2026. Prazo até 12 de febreiro.
- YouRban. Prazo até 23 de febreiro.
- Asociación Europea de Medicina Personalizada. Prazo até 26 de febreiro.
- Especialistas en intelixencia artificial para Europa. Prazo até 3 de marzo.
- REINFORCING. Prazo até 4 de marzo.
- Asociación de Ensaos Clínicos entre Europa e os Países en Desenvolvemento. Two Stages 2026. Prazo até 4 de marzo.
- Asociación Europea para a Saúde Cerebral. Prazo até 10 de marzo.
- Melloría do sistema europeo de I+i. Prazo até 12 de marzo.
- INDUSTRIA-dos etapas. Prazo até 17 de marzo.
- Axuda financeira para socios do ecosistema. Prazo até 26 de marzo.
- Baterías e enerxía 2026. Prazo até 31 de marzo.
- Próxima xeración de tecnoloxías de enerxía renovable. Prazo até 31 de marzo.
- Programa doutoramentos MSCA. Prazo até 8 de abril.
- Horizonte Europa. Irmandade. Prazo até 9 de abril.
- Horizonte Europa. Mobilidade 2026. Prazo até 14 de abril.
- Horizonte Europa. Clima. Convocatoria #03. Prazo até 14 de abril.
- Horizonte Europa. Do prado ao prato #02 2026. Prazo até 14 de abril.
- Innovación en zonas rurais. Prazo até 14 de abril.
- Horizonte Europa. Gobernación #03. Prazo até 15 de abril.
- Mobilidade 2026. Prazo até 15 de abril.

- [Clima 2026](#). Prazo até 15 de abril.
- [Ciencia do sistema terrestre](#). Prazo até 15 de abril.
- [Intercambios de persoal MSCA 2026](#). Prazo até 16 de abril.
- [IA na ciencia](#). Prazo até 21 de abril.
- [Horizonte Europa. Industria](#). Prazo até 21 de abril.
- [Asociación de Ensaio Clínicos entre Europa e os Países en Desenvolvemento](#). Prazo até 2 de setembro.
- [Pacto Industrial Limpo](#). Prazo até 15 de setembro.
- [Mecanismo Hop-On](#). Prazo até 24 de setembro.

Educación, deporte e xuventude

- [Acción exploratoria sobre títulos europeos](#). Prazo até 17 de febreiro.
- [Erasmus. Deporte 2026](#). Prazo até 5 de marzo.
- [Desenvolvemento de capacidades no ámbito do deporte](#). Prazo até 5 de marzo.
- [Plano de Estudos Europeo sobre Asilo](#). Prazo até 31 de marzo.
- [Experimentos de políticas europeas](#). Prazo até 8 de abril.

Relacións externas

- [Dereitos humanos en Uruguai](#). Prazo até 18 de febreiro.

Sociedade dixital

- [Microfinanciamento para proxectos de programación #Code4Europe](#). Prazo até 19 de febreiro.
- [Innovación cultural en Europa](#). Prazo até 30 de xuño.

Espazo de liberdade, seguraza e xustiza

- [Proxectos transnacionais de formación xudicial](#). Prazo até 3 de marzo.
- [Cooperación xudicial en materia civil e penal](#). Prazo até 22 de abril.

Empresas e comercio

- [Centros europeos de empresas emerxentes](#). Prazo até 10 de marzo.

Emprego e asuntos sociais

- [Puntos nacionais de contacto do pobo cigano](#). Prazo até 9 de abril.

Cultura

- [Innovación cultural en Europa](#). Prazo até 30 de xuño.

PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS

Iniciativas e consultas abertas recentemente.

Máis información sobre as posibilidades de participación cidadá na UE.

Iniciativas lexislativas

- Exixir a suspensión total do Acordo de Asociación UE-Israel tendo en conta as violacións dos dereitos humanos cometidas por Israel. Prazo até 13 de xaneiro de 2027.

Consultas públicas aos cidadáns

Fiscalidade

- Normas da UE sobre cooperación administrativa no ámbito da fiscalidade: Refundición. Prazo até 10 de febreiro.

Servizos bancarios e financeiros

- Reforma dos fondos de capital risco e de expansión europeos. Prazo até 12 de marzo.

Ambiente e enerxía

- Actualización da gobernanza da Unión da Enerxía e da Acción polo Clima. Prazo até 12 de marzo.
- Normas sobre os plásticos dun único uso e as artes de pesca (avaliación). Prazo até 17 de marzo.

Varios temas

- Política da UE respecto do Ártico. Actualización. Prazo até 16 de marzo.

Agricultura

- Estatísticas integradas da UE sobre explotacións agrícolas (2030-2039). Prazo até 25 de marzo.

Asuntos do Interior

- Sistema Europeo de Comunicación Crítica. Prazo até 10 de abril.
- Loita contra a delincuencia organizada: Novas normas da UE. Prazo até 10 de abril.

Emprego e asuntos sociais

- Cartón europeo da Seguraza Social. Prazo até 16 de abril.

Mercado único

- Lei de Servizos de Construción. Prazo até 20 de abril.

Saúde e alimentación

- Protección das obtencións vexetais: Avaliación da lexislación da UE. Prazo até 20 de abril.

ACTOS XURÍDICOS

Selección dos actos publicados no último mes considerados máis relevantes.

Actos legislativos

- Regulamento (UE) 2025/2434 do Parlamento Europeo e do Consejo, de 26 de novembro de 2025, relativo á Axencia Europea de Seguranza Marítima. (Texto pertinente para efectos do EEE.)

Propostas legislativas

- Proposta de REGULAMENTO DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO sobre redes dixitais. (Lei das Redes Dixitais.)

Outros actos

- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Unión da Igualdade: Estratexia Anti-Racismo 2026-2030.
- RELATORIO DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO sobre o funcionamento do novo modelo de execución polos estados membros e a contribución dos planos estratéxicos da PAC dos estados membros para o cumprimento dos compromisos ambientais e climáticos da UE.

SENTENZAS DO TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UE

Selección das sentenzas, autos e ditames considerados máis relevantes.

Acceso á información

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-129/24](#), resolveu, sobre o acceso a información ambiental (peticións anónimas), que os estados membros poden exixir identificación previa para garantir o bo funcionamento dos procedementos, mesmo se a lexislación da UE non impón esa exigencia.

[Resumo da sentenza](#) (en inglés).

Consumo

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-45/24](#), resolveu, sobre a cancelacións de voos, que o reembolso do prezo do billete de avión debe incluír a comisión cobrada polo intermediario no momento da compra.

[Resumo da sentenza](#).

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-77/24](#), resolveu, sobre o xogo en liña, que en xeral un xogador pode invocar a lei do seu país de residencia nunha acción por danos contra os administradores dun prestador de servizos estranxeiro que non posúa a licenza necesaria.

[Resumo da sentenza](#).

Liberdade de establecemento

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-144/24](#), resolveu que a taxa de explotación mineira adicional instituída por Hungría viola o dereito da UE.

[Resumo da sentenza](#).

Principios de dereito comunitario

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-271/23](#), resolveu que Hungría infrinxiu a lexislación da UE ao votar contra a posición común do Consello sobre a reclasificación da cánnabis. Hungría, que non pode alegar que a posición común era ilegal, non respectou a competencia externa exclusiva da UE nesta área, alén do principio da cooperación leal.

[Resumo da sentenza](#).

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-554/24 P](#), desestimou o recurso interposto por Polonia contra a sentenza do Tribunal Xeral relativo á anulación das multas coercitivas diarias aplicadas no proceso relativo á mina de Turów. O acordo de resolución amigable celebrado entre a República Checa e Polonia non suprimiu, con efectos retroactivos, as multas coercitivas diarias impostas no proceso sobre medidas provisional

[Resumo da sentenza](#).

ESTADÍSTICAS DO EUROSTAT

Todas as estatísticas son en inglés.

Indicadores económicos

- Déficit público axustado estacionalmente.
- Débeda pública na eurozona.
- Produción na construción.
- Produción nos servizos.
- Produción industrial.
- Prezos da produción industrial.
- Inflación anual na eurozona.
- Comercio internacional de mercadorías na eurozona.
- Superávit en conta corrente da UE.
- Taxa de aforro das familias na eurozona.
- Volume de comercio retalista.
- Prezos da vivenda na eurozona.
- Desemprego na eurozona.
- Incremento anual dos custos laborais na eurozona.
- Oferta de emprego na eurozona.

Outros datos

- Atracción de talento migrante.
- Comercio de vehículos e servizos espaciais.
- Déficit das finanzas públicas.
- Emisións de gases.
- Fontes de enerxía renovables para calefacción e refrixeración.
- Enerxías renovables usadas no transporte.
- Datos chave do transporte.
- Estatísticas básicas.
- Estatísticas sobre educación e formación.

- Estudo e emprego entre a xuventude.
- Crianzas con necesidades médicas non atendidas.
- Emprego na agricultura.
- Pernoitas turísticas.
- Ingresos fiscais por emisións de CO₂.
- Peticións de asilo.
- Electricidade proveniente de fontes renovables.
- Viaxes turísticas.
- Protección temporal.
- Prezos da vivenda e alugueres.
- Reservas turísticas a través de plataformas en liña.
- Estatísticas sobre o emprego.
- Comercio de brinquedos.
- Índices de produción e comercio.
- Lares atestados.
- Devolucións a terceiros países.
- Subcontratación e aprovisionamento internacional.
- Importacións de petróleo.
- Crecemento das forestas.
- Migración e asilo.
- Prezos agrícolas.
- Consumo individual efectivo.
- Produtividade do traballo agrícola.
- Comercio de servizos.
- Uso da IA.
- Vítimas mortais en accidentes ferroviarios.
- Produción e consumo de produtos químicos.
- Abandono da educación e a formación entre a xuventude.
- Consumo enerxético primario.
- Transferencias persoais extracomunitarias.

DOCUMENTOS DO TRIBUNAL DE CONTAS DA UE

- Relatorio Especial 01/2026: Sistemas de control del aceite de oliva na UE.
- Relatorio Especial 02/2026: Infraestrutura de transporte da UE.
- Relatorio Especial 03/2026: Medidas específicas de apoio á agricultura nas rexións ultraperiféricas da UE.
- Ditame 01/2026.
- Ditame 02/2026.
- Ditame 03/2026
- Ditame 04/2026

SONDAXES DO EUROBARÓMETRO

Percepcións sobre o antisemitismo

Unha maioría crecente de persoas na UE (55 % en comparación con 50 % en 2018) considera o antisemitismo un problema nos seus países. 47 % das persoas consultadas (+11 puntos porcentuais en comparación con 36 % en 2018) cren que o antisemitismo aumentou nos últimos cinco anos nos seus países. 62 % dos cidadáns (+11 puntos porcentuais) consideran que a hostilidade en locais públicos é un problema nos seus países. 61 % afirman que os graffiti ou o vandalismo antisemitas e o antisemitismo en liña (+10 puntos porcentuais para ambos) son un problema nos seus países. 48 % das persoas (+5 puntos porcentuais) consideran que o Holocausto é suficientemente ensinado nas escolas, e un número crecente (66 % en comparación con 61 % en 2018) ten coñecemento das leis sobre o incitamento á violencia antisemita. No entanto, só 52 % (+10 puntos porcentuais) coñecen as leis que criminalizan a negación do Holocausto. Case sete de cada dez cidadáns (69 %, +15 puntos porcentuais desde 2018) cren que os conflitos no Medio Oriente influencian a percepción das persoas xudías nos seus países.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

Comunicacións Electrónicas e Mercado Único Dixital

A Comisión Europea divulgou os resultados do Eurobarómetro Especial sobre Comunicacións Electrónicas, destacando as tendencias actuais das comunicacións electrónicas en toda a UE. A sondaxe abordou temas como o acceso á internet, a utilización do móbil, os servizos combinados, as chamadas e mensaxes fraudulentas, a itinerancia, as chamadas internacionais dentro da UE, as comunicacións de emerxencia, os impactos ambientais e as subscricións de servizos.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

SUXESTIÓNS BIBLIOGRÁFICAS

Obras dispoñibles na biblioteca da USC

Faure, Samuel B. H., e Christian Lequesne. 2023. *The Elgar Companion to the European Union*. Cheltenham: Edward Elgar Publishing. <https://doi.org/10.4337/9781800883437>.

Esta obra analiza a estrutura e o valor da UE, captando tanto a normalidade da súa política como as crises e os colapsos políticos. Examinando a UE a través da lente da ciencia política, da historia, do dereito, da socioloxía e da economía política internacional, o libro ofrece un panorama holístico das controversias metodolóxicas e das principais abordaxes teóricas nos estudos europeos. Analizando máis de perto a gobernanza e a regulación no seo da UE, os diferentes capítulos consideran o abano de intervinientes e procesos de decisión antes de explorar a regulación e as políticas redistributivas do mercado interno. Cunha visión de futuro, o libro conclúe cunha discusión sobre as estratexias da UE para responder a cuestións de crecente importancia global, incluíndo as alteracións climáticas, a migración e a guerra. Reflexionando sobre a evolución da política para alén do estado nación, prevé unha mudanza na razón de ser da UE, de relatos internos de prosperidade interna para relatos externos de poder internacional nun contexto cada vez máis competitivo.

Bertrand, Brunessen. 2023. *La politique européenne du numérique*. Bruxelas: Bruylant.

As ambicións políticas e os proxectos lexislativos multiplícanse para moldear unha UE dixital. Após algúns atrasos notables, nomeadamente no sector industrial, a UE dixital está agora omnipresente, tanto na retórica como na lexislación. Con todo, podemos falar da construción dunha certa política dixital comunitaria? Se tal política dixital común existe, será tan disruptiva como parece, en termos das formas institucionais e regulamentarias que adopta, ou se enmarca nos cadros institucionais máis tradicionais do dereito da UE? Durante moito tempo, a política dixital comunitaria ficou escurecida polo obxectivo do mercado único dixital, que banalizou o desafío dixital ao enmarcalo na lóxica ordinaria da adaptación do mercado interno. Esta estratexia inicial de adaptación parece evolucionar para unha política plenamente consolidada por si soa. Esta política é fundamentalmente transversal, baseándose nunha redefinición de case todas as políticas comunitarias á luz dos desafíos da era dixital: reinventar as cadeas de valor dixitais, reimplementar unha estratexia política común ancorada nunha economía de datos que exige repensar a regulamentación das plataformas, servizos e mercados dixitais, desenvolver unha política industrial a través da conectividade e da interoperabilidade das infraestruturas e redes de comunicación, e dar nova atención ás cuestións de ciberseguranza a través dunha redefinición da ciberdefensa e da ciberseguranza. Por detrás do xurdimento desta política espontánea, está a propia identidade da UE que está a ser construída — ou reconstruída — a través dos desafíos da soberanía dixital comunitaria.

Verdun, Amy, Achim Hurrelmann, e Emmanuel Brunet-Jailly, eds. 2023. *European Union Governance and Policy Making: A Canadian Perspective*. 2.^a ed. Toronto: University of Toronto Press.

Os capítulos deste libro abordan o sistema político e xurídico da UE, as teorías da integración comunitaria, as políticas centrais da UE, como o mercado único, a súa moeda única, a política migratoria, o alargamento da UE, e cuestións de actualidade que afectan o desenvolvemento da integración comunitaria. Esta segunda edición foi completamente revista e actualizada para incluír unha discusión sobre o *brexit*, o Pacto Verde Europeo, a covid e a invasión rusa da Ucraína. Escrito por especialistas académicos canadenses de renome na área da integración comunitaria e por especialistas internacionais con experiencia de ensino en universidades canadenses, este manual utiliza a comparación co Canadá e o seu sistema federal para explicar o que torna a UE única.

Outras obras

Sztulman, Alexandre. 2025. *EU Sanctions Litigation: Fundamental Rights and International Security*. Oxford: Routledge. <https://doi.org/10.4324/9781003625278>.

Este libro explora de forma exhaustiva a abordaxe do poder xudicial da UE en relación ás sancións internacionais, con base na xurisprudencia recente do Tribunal de Xustiza e do Tribunal Xeral. Aborda o cadro procesual que rexe o control xudicial, xuntamente cunha avaliación substancial das medidas restritivas en termos da súa legalidade e conformidade cos dereitos fundamentais e as garantías procesuais. Como pedra basilar da Política Externa e de Seguranza Común (PESC) da UE, as medidas restritivas, nomeadamente as sancións internacionais, serven como principal instrumento da UE para lidar con accións que chocan cos seus valores fundamentais. Hoxe, a UE destácase como unha autoridade global líder en materia de sancións, tanto pola implementación de medidas do Consello de Seguranza das Nacións Unidas como a través de sancións autónomas e independentemente promulgadas. Estes mecanismos complexos, que combinan abordaxes preventivas e punitivas, impón conxelamentos financeiros, embargos sectoriais e diversas restricións dirixidas a gobernos, persoas colectivas e particulares fóra da UE. Ao fornecer unha análise detallada da forma como estas medidas se interrelacionan co dereito administrativo e penal represivo, o libro lanza luz sobre o equilibrio xudicial entre a aplicación efectiva da lei e a protección dos dereitos fundamentais. Analizando tanto cuestións xurídicas técnicas como principios máis amplos de xustiza e dereitos humanos, o libro inclúe recomendacións para a melloría das medidas restritivas no seo da UE.

Ní Loideáin, Nóra. 2025. *EU Data Privacy Law and Serious Crime: Data Retention and Policymaking*. Oxford: Oxford University Press. <https://doi.org/10.1093/oso/9780198837169.001.0001>.

Esta obra ofrece un estudo comparativo detallado do dereito á vida privada e á conservación de datos nas ordes xurídicas da UE e da Convención Europea de Dereitos Humanos (CEDH). Explorando a lexislación da UE sobre a conservación de datos e o papel do artigo 8.º da CEDH en diversos contextos, desde datos de comunicacións a rexistros de nomes de pasaxeiros, o libro destaca a integración do dereito á vida privada na formulación de políticas da UE, analizando o papel da Comisión Europea e do Tribunal de Xustiza da UE (TXUE) como gardiáns dos dereitos fundamentais na súa revisión das medidas de conservación de datos da UE. O libro examina a xurisprudencia do TXUE e do Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos (TEDH) relativa á conservación de datos e á vixilancia estatal, o desenvolvemento futuro das normas xurídicas no ámbito da xurisprudencia do TXUE e do TEDH, presentando recomendacións políticas sobre como reforzar o dereito á vida privada nas futuras políticas de conservación de datos da UE.

Gaillard, Marion. 2025. *Figures de l'Europe*. París: Le Cavalier Bleu.

Demasiado distante, demasiado tecnocrática, demasiado fría... Dise que a UE carece de corporeidade, mais a súa historia está composta de figuras que a concibiron, construíron e sustentaron. Isto inclúe aquelas que traballaron para a construír, como os Pais Fundadores: Altiero Spinelli, Simone Veil, Jacques Delors e Melina Mercouri. Mais tamén aqueles pensadores, como Kant ou Victor Hugo, que os inspiraron. E, finalmente, aqueles que simplemente encarnan, á súa maneira, un espírito europeo e deixan a súa marca na UE de hoxe: Erasmo, Beethoven e a súa Nona Sinfonía e, máis próximos á nosa época, Stefan Zweig ou Milan Kundera. A autora desta obra argumenta que as figuras reunidas neste libro, que se influencian mutuamente, dialogan entre si e contribúen á riqueza dunha UE frecuentemente criticada.